

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE DECEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de decembro de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución de 4 de decembro de 2020, da Secretaría de Estado de Política Territorial y Función Pública, Ministerio de Política Territorial y Función Pública, pola que se establece a efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2021. (Boletín Oficial do Estado número 325, do 14 de decembro de 2020).

- Resolución do 3 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2021 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Figura o Concello

de Cambre, coas festas laborais o día 16 de febreiro, martes de entroido e 16 de agosto, festa local de Cambre. (Diario Oficial de Galicia número 250, o día 14 de decembro de 2020).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1.- Servizo de actualización da cartografía do Municipio de Cambre. Modificación do prazo ofertado polo adxudicatario para as fases 1 e 2 por causas non imputables ao mesmo, cumprimento e inicio do prazo para as fases 3 e 4. Exp. nº 2019/C004/000010

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente nº 2019/C004/000010 para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de actualización da cartografía do Concello de Cambre, que foi adxudicado á empresa “TCA Cartografía Y Geomática, S.A.” segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de agosto de 2020, asinándose o correspondente contrato con data do 8 de setembro de 2020.

Visto que, segundo o establecido na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas Particulares e cláusula 7 do Prego de Prescricións Técnicas, o prazo de execución do contrato se establece en función dos prazos previstos para cada unha das fases establecidas, segundo o seguinte desglose que literalmente se transcribe a seguir:

*“Los plazos de ejecución se establecen con referencia a cada fase de ejecución, sin perjuicio de los períodos de tiempo necesarios para la recepción y validación oficiales de los productos elaborados, productos que deberán ser puestos a disposición del Ayuntamiento de Cambre y del equipo redactor del PGOM conforme se vayan generando.*

**El plazo máximo para la realización de la totalidad del trabajo es de 32 meses**, y los plazos previstos para realizar cada una de las fases de ejecución establecidas en este pliego, son los siguientes:

**PLAZO 1 (ESTUDIO DEL MODELO DE DATOS SIG MUNICIPAL)** se iniciará con la firma del contrato y la recepción por parte de la empresa adjudicataria del vuelo fotogramétrico y finalizará con la entrega del documento de MEMORIA DE MODELO DE DATOS MUNICIPAL DE CAMBRE; para la certificación de esta fase será necesario el informe favorable de la Dirección Técnica Municipal

El plazo establecido para esta Fase es de **1 mes**.

**PLAZO 2 (MIGRACIÓN DE LA CARTOGRAFÍA CAD AL MODELO DE DATOS SIG MUNICIPAL)** podrá iniciarse desde el mismo momento de inicio del contrato, a partir de la entrega al adjudicatario de la base cartográfica existente y finalizará con la entrega de esa misma base cartográfica existente organizada y convertida en una cartografía en formato SIG, adaptada al MODELO DE DATOS MUNICIPAL DE CAMBRE, aprobado en la fase anterior; para la certificación de esta fase será necesario el informe favorable de la Dirección Técnica Municipal

El plazo establecido para esta fase es de **2 meses**, desde la comunicación al adjudicatario de la recepción por la Dirección Técnica Municipal de la Memoria de la fase anterior.

**PLAZO 3 (ACTUALIZACIÓN DE LA CARTOGRAFÍA SIG MUNICIPAL)** se iniciará con la comunicación al adjudicatario de la recepción por la Dirección Técnica Municipal de la cartografía migrada al modelo de datos municipal y finalizará con la entrega de la cartografía actualizada conforme a las condiciones técnicas de este Pliego; para la certificación de esta fase será necesario el informe favorable de la Dirección Técnica Municipal

El plazo establecido para esta fase es de **4 meses** debiendo, en cualquier caso estar la totalidad de la cartografía actualizada.

**PLAZO 4 (CONTROL DE CALIDAD DE LOS PRODUCTOS FINALES DE LA INFORMACION GEOGRAFICA)**, se iniciará con la comunicación al adjudicatario de la recepción por la Dirección Técnica Municipal de la cartografía actualizada en el modelo de datos municipal y finalizará con la entrega del control de calidad; para la certificación de esta fase será necesario el informe favorable de la Dirección Técnica Municipal.

El plazo establecido para esta fase es de **1 mes**.

**PLAZO 5 (ACTUALIZACIÓN PERIÓDICA 1)**, se iniciará automáticamente por parte del adjudicatario una vez haya pasado un año desde la comunicación de la realización del informe favorable de la Dirección Técnica Municipal al control de calidad del trabajo; y finalizará con la entrega de la actualización 1; para la certificación de esta fase será necesario el informe favorable de la Dirección Técnica Municipal.

El plazo establecido para esta fase es de **1 mes**.

**PLAZO 6 (ACTUALIZACIÓN PERIÓDICA 2)**, se iniciará automáticamente por parte del adjudicatario una vez haya pasado un año desde la comunicación de la realización del informe favorable de la Dirección Técnica Municipal a la actualización 1; y finalizará con la entrega de la actualización 2; para la certificación de esta fase será necesario el informe favorable de la Dirección Técnica Municipal.

El plazo establecido para esta fase es de **1 mes**.”

A empresa adjudicataria ofertou unha redución do prazo de execución nas fases 1 y 2 de 1 mes , e nas fases 3 y 4 de 1 mes, respecto aos prazos establecidos nos pregos administrativo e técnico, que se fixeron constar na cláusula 11 do contrato asinado, do seguinte xeito:

PLAZO	FASES	TIEMPO
Fases 1 y 2	Estudio del Modelo de datos SIG municipal + Migración cartografía CAD al modelo de datos SIG municipal	Ofrezco la realización conjunta de estas dos fases en el plazo de 2 MESES, que supone una reducción de 1 MES respecto al plazo de ejecución establecido en el PPT y PCAP.
Fases 3 y 4	Actualización cartografía SIG municipal + Control de calidad de los productos finales de la información geográfica	Ofrezco la realización conjunta de estas dos fases en el plazo de 4 MESES, que supone una reducción de 1 MES respecto al plazo de ejecución establecido en el PPT y PCAP.

Visto que, con data do 08/11/2020 preséntase no Concello de Cambre escrito procedente da empresa adjudicataria, rexistrado de entrada ao nº 202099900003973, no que solicita un incremento no prazo de execución, motivada na detección dun erro na documentación enviada ao adjudicatario, debido a que os parámetros de aerotriangulación que constaban no Concello e que fóran remitidos polo Instituto de Estudos del Territorio (IET) contiñan diversos erros, que non fóron emendados polo propio IET e remitidos ao adjudicatario ata o día 2 de novembro de 2020, e propoñen unha serie de solucións do documento de avaliación baseadas en criterios técnicos, das que solicitan a súa validación pola dirección técnica.

Visto o informe favorable emitido o día 19/11/2020 polo arquitecto municipal, designado responsable do contrato segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de agosto de 2020, no que se considera que debe contarse como data de inicio dos traballos contratados o pasado día 3 de novembro de 2020.

Visto o informe emitido polo mesmo técnico municipal con data do 20 de novembro seguinte, no que se analizan as propostas formuladas pola empresa adjudicataria para o documento de avaliación da información de partida, considerándoas axeitadas.

Visto que, con data do 21/11/2020 e nº de rexistro 202099900004463 presentouse pola empresa adjudicataria “TCA Cartografía y Geomática, S.A.” un escrito referido á entrega dos xustificantes ao director do proxecto da documentación pertencente ás dúas entregas parciais previstas no Prego de Prescricións Técnicas:

Fito nº 1 : Modelo de datos para o SIG municipal

Fito nº 2 : Tradución da cartografía ao modelo de datos proposto para o SIG municipal.

Visto o informe favorable emitido o día 9 de decembro de 2020 polo arquitecto municipal, respecto á documentación e cumprimento dos prazos 1 e 2 establecidos no prego de prescricións técnicas particulares.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral con data do 10 de decembro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, proponho a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Declarar o día 3 de novembro de 2020 como data de inicio da execución dos prazos nºs 1 e 2 dos que consta o desenvolvemento dos traballos que constitúen o obxecto do contrato para a execución do servizo de actualización da cartografía do municipio de Cambre, que foi adxudicado á empresa "TCA Cartografía y Geomática, S.A.", asinándose o correspondente contrato con data do 8 de setembro de 2020, exp. nº 2019/C004/000010, tendo en conta a solicitude formulada pola empresa con data do 8 de novembro actual e mailo informe emitido polo arquitecto municipal-responsable do contrato con data do 19 de novembro seguinte.

**Segundo:** Aprobar os documentos remitidos ao responsable do contrato pola empresa con data do 21 de novembro de 2020, e cos que se dá cumprimento aos prazos números 1 e 2 contemplados na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas Particulares, cláusula 7 do Prego de prescricións técnicas e cláusulas cuarta e décimo primeira do contrato asinado, sendo esta documentación a referida a :

- Prazo 1 : Modelo de datos para o SIG municipal
- Prazo nº 2 : Tradución da cartografía ao modelo de datos proposto.

**Terceiro :** De conformidade co establecido na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas Particulares e cláusula 7 do Prego de prescricións técnicas, comunicarlle á empresa adxudicataria a recepción pola dirección técnica municipal da cartografía migrada ao modelo de datos municipal, o que dá inicio ao Prazo 3 da execución do contrato (Actualización da cartografía SIG municipal), o cal, tendo en conta a oferta da empresa, transcrita na cláusula XII do contrato , se executará conxuntamente coa fase 4 (control de calidade dos produtos finais da información xeográfica) nun prazo de catro meses.

**Cuarto:** Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos do pagamento das porcentaxes establecidas para as dúas primeiras fases de execución do contrato segundo a cláusula 24 do Prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula VIII do contrato.

**Quinto:** Notificar o presente acordo á empresa interesada, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1873/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1933/2020, segundo se relaciona a seguir:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
1873/2020	04-12-2020	Sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 15 de decembro de 2020, ás 13:15 horas
1874/2020	04-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de decembro de 2020
1879/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de NNDL, Expediente 3777/2019
1880/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de MAA, Expediente nº 3924
1881/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de RAAA, Expediente 3925/2019
1882/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de ARVF, Expediente 4059/2019
1883/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de DRdosSS, Expediente 4060/2019
1884/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de JLND,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Expediente 4093/2020
1885/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de SMRE, Expediente 4107/2020
1886/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de JIMOD, Expediente 4108/2020
1887/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de ALTR, Expediente 4116/2020.
1888/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de ARdaS, Expediente 4227/2020
1889/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de IANN, Expediente 4228/2020
1890/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de MJM, Expediente 4229/2020
1891/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de VDMS, Expediente 4253/2020
1892/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de AJG, Expediente 4286/2020
1893/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de APCSG, Expediente 4287/2020
1894/2020	04-12-2020	Incoación de expediente de baixa de oficio por caducidade o Padrón Municipal de Habitantes de JER, Expediente 4288/2020
1895/2020	04-12-2020	CM a Redrum Producciones para a representación da obra "Invisibles"
1896/2020	04-12-2020	CM a Dinamo. Xestión de actividades socioculturais, S.L.
1897/2020	04-12-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 17/2020. Gastos de persoal.
1898/2020	04-12-2020	Adxudicación CM a Dolores Barral Rivadulla
1899/2020	04-12-2020	Concesión tarxeta estacionamento a JAFS
1900/2020	04-12-2020	Aprobar a lista provisional de admitidos/as excluídos/as ao concurso-oposición para a creación de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión económico-financeira interinos.
1901/2020	04-12-2020	Recoñecemento de obrigas correspondentes á Concesión de premio outorgado polo xurado do XI Concurso de Escaparates de Nadal 2019
1902/2020	07-12-	Conceder a licenza de obras para mellora en explotación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

	2020	gandeira de leite no lugar de Gosende, Andeiro, consistente na construción dunha corte, dúas fosas de esterco e alpendre. Solicitante: VMR
1903/2020	07-12-2020	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso ás obras de construción de edificio na rúa Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: ND and A,S.L.
1904/2020	07-12-2020	Servizo de pintado do patio exterior da Escola Infantil Galiña Azul da Barcala
1905/2020	07-12-2020	CM para a compra de libros dos clubs de lectura curso 2020/21
1906/2020	07-12-2020	Corrección erro Resolución nº1733/2020 sobre aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2020
1907/2020	07-12-2020	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións
1908/2020	07-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 74.975,15 euros
1909/2020	07-12-2020	Delegación da presidencia da sesión do Grupo de seguimento e avaliación do PES do día 7 de decembro de 2020
1910/2020	07-12-2020	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de setembro de 2020
1911/2020	09-12-2020	Licenza de primeira ocupación do pavillón polideportivo sito na Rocha, Anceis. Solicitante: JVC, en representación asociación cultural Anceis
1912/2020	09-12-2020	CM compra fondos bibliográficos bibliotecas municipais
1913/2020	09-12-2020	Expediente de Xeración de crédito número 11/2020. Obradoiro de Emprego "PROXEDIS - PROWEB II" 2020/2021.
1914/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a AMCC durante un máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1915/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a MMHS, durante un periodo máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto
1916/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a MLB durante un periodo máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1917/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a MMPV durante un periodo máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1918/2020	09-12-2020	Aprobación da primeira achega do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a asociación



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Sementeira Cambre para a promoción musical no 2020
1919/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a MPBV durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1920/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a LAG por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto.
1921/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a JMSL durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto.
1922/2020	09-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a MLL durante un período de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto.
1923/2020	09-12-2020	Concesión tarxeta estacionamento discapacidade a ECM
1924/2020	09-12-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1925/2020	09-12-2020	Reclamación de M <sup>a</sup> LTV relativa as cotas do servizo de axuda no fogar correspondente aos anos 2015,2016 e 2017
1926/2020	09-12-2020	Conceder a licenza administrativa para tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: JMMC
1927/2020	09-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 19.823,14 euros
1928/2020	10-12-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 15 de decembro de 2020, ás 13:00 horas
1929/2020	10-12-2020	Concesión axudas recibos de luz a EVHR por importes de 40,44 e de 46,11 euros
1930/2020	10-12-2020	Denegación recibo auga a ABPS por ter a obriga do seu pago a propiedade da vivenda
1931/2020	10-12-2020	Concesión axuda aluguer a AMBC por importe de 176,37 euros
1932/2020	10-12-2020	Adxudicación contrato menor para a compra de elementos de protección individualizados (EPIs) para a Policía Local
1933/2020	10-12-2020	Renuncia lentes correctoras de TAS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Prórroga do contrato referente á “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre”. Expediente: 2017/C006/000007.



- Prórroga ao curso 2020/2021, do contrato administrativo suscrito con Pablo Carrón Reboredo, para a prestación da "Subministración de equipos de protección individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego "PROXEDIS-PROWEB" durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021". Expediente: 2019/C005/000009.

- Proposta de adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 do contrato mixto de subministracións e servizos para o "Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do Concello de Cambre" Expte: 2020/C005/000005

- Prórroga ao curso 2020/2021, do contrato administrativo suscrito para a prestación da "Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021", a prol do licitador Paz Dismac, S.L. Expediente: 2019/C005/0000010

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A.- Prórroga do contrato referente á "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre". Expediente: 2017/C006/000007**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº. 2017/C006/000007 para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da contratación da "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre".

Visto que, coa data do 18 de decembro de 2017, asinouse coa entidade *Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.* o contrato relativo á "Mediación de seguros privados do Concello de Cambre".

Visto que, na cláusula dezanove do prego administrativo que rexe no expediente de contratación, e máis no epígrafe 4 do cadro de características do contrato, e, en consonancia con eles, na cláusula IV do contrato suscrito, establécese que o seu prazo de execución será de dous anos desde a data da sinatura do contrato, que poderán ser prorrogados en sucesivas prórrogas anuais, por un total de outros dous anos máis, por mutuo acordo das partes, de forma expresa, co posterior acordo do órgano de contratación.

Visto o escrito presentado por dona Olga Robla Rozas, en representación da entidade "*Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros, S.A.*", entidade mediadora dos seguros privados do Concello de Cambre, (expte. 2017/C006/000007), rexistrado de entrada no Concello de Cambre o 12 de novembro de 2020 con número 202099900004131, no que comunica que o contrato mencionado foi prorrogado ata o 18 de decembro de 2020, e, non existindo impedimento legal ou contractual para continuar prestando este servizo, propón que se proceda á prórroga anual.

Tendo en conta que esta proposta foi informada favorablemente pola xefa da Unidade de Réxime Interior municipal, segundo informe asinado con data do 07/12/2020.

Visto o informe emitido con data do 10 de decembro de 2020 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, e que contén a proposta de acordo a adoptar, e mailo informe favorable emitido polo interventor da Corporación con data do 13 de decembro actual,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Prorrogar por un ano máis, ata o 18 de decembro de 2021 incluído, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade *Borrás-Vázquez-Cameselle Artai Correduría de Seguros S.A. con NIF A36768257*, para o servizo de “Mediación de seguros privados do Concello de Cambre” (Expediente n.º 2017/C006/000007).

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar á xefa da Unidade de Réxime Interior e á Intervención Municipal para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B.- Prórroga ao curso 2020/2021, do contrato administrativo suscrito con Pablo Carrón Reboredo, para a prestación da “Subministración de equipos de protección individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego “PROXEDIS-PROWEB” durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”. Expediente: 2019/C005/000009**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C005/000009, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do art. 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e seis de novembro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica a “Pablo Carrón Reboredo” a “Subministración de equipos de protección individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, constando no expediente a aceptación da execución do contrato con data 29 de novembro de 2019.

Visto que, consonte á cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 6 do Anexo I, o prazo de execución do contrato é durante o curso académico 2019-2020, puidendo prorrogarse ao curso académico 2020-2021, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se executou correctamente o contrato durante o curso 19/20 e, en todo caso, suxeita á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada á Xunta de Galicia.

Visto o informe emitido con data 1 de decembro de 2020 pola axente de desenvolvemento local e responsable do contrato, dona Sonia Machín Herranz, no que consta que o contrato realizouse a enteira satisfacción, cumprindo con creces co contido do contrato, polo que se propón que este contrato sexa prorrogado para o seguinte curso académico, para o desenvolvemento do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS-PROWEB II" 2020-2021, coas mesmas características en canto aos subministrados a realizar e os prezos adjudicados no exercicio 2019-2020.

Visto que en dito informe consta que o 6 de novembro de 2020 recibíuse no Concello de Cambre resolución de data 05/11/2020, do xefe territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade (anteriormente denominada Consellería de Economía, Emprego e Industria), pola que se concede ao Concello de Cambre unha subvención para executar o obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB II", e financiar os gastos de formación e funcionamento, nos que se inclúen os equipos de protección individualizada (EPIs) do persoal directivo, docente e alumnado traballador das especialidades: "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e "Confección e publicación de páxinas Web", e tendo en conta que a data prevista que marca a resolución para o inicio do proxecto é o día 15 de decembro de 2020.

Visto o informe emitido con data do 3 de decembro de 2020 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, e que contén a proposta de acordo a adoptar, e mailo informe favorable emitido polo interventor da Corporación con data do 13 de decembro actual,

Ao abeiro do establecido na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Prorrogar ao curso académico 2020/2021, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito con Pablo Carrón Reboredo con NIF \*\*\*\*8831A e domicilio rúa Montefaro 78 baixo – 36500 Lalín (Pontevedra), para a prestación da *"Subministración de equipos de protección individualizada (EPIs) para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego "PROXEDIS-PROWEB" durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021"* (Expediente 2019/C005/000009), esto tendo en conta o outorgamento ao Concello de Cambre dunha subvención para o obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB II".

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adjudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos

112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar á axente de desenvolvemento local e responsable do contrato, dona Sonia Machín Herranz, ao departamento de Intervención e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **C.- Proposta de adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 do contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do Concello de Cambre” Expte: 2020/C005/000005**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C005/000005 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado do contrato mixto de subministracións e servizos para o “*Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do Concello de Cambre*”, dividíndose o obxecto do contrato en tres lotes, cun valor estimado total de 45.640,80 € e un orzamento base de licitación para os tres lotes de 45.640,80 € sen IVE, 55.225,34 € euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan nas actas das mesas de contratación de datas 11 e 25 de novembro de 2020 respecto das ofertas presentadas nos distintos lotes no presente procedemento, así como as propostas de adxudicación formuladas con data 25 de novembro de 2020 pola mesa de contratación a prol dos distintos licitadores nos respectivos lotes nos que ofertaron, iso de conformidade cos resultados das valoracións que constan nas actas de 11 e 25 de novembro de 2020, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas do presente procedemento.

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios nos lotes 1, 2 e 3 o prazo de sete días hábiles para que presenten a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes achegaron en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo se deriva dos informes emitidos polo

técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con datas do 10 (lotes nºs 1 e 2 ) e 12 (lote nº 3) de decembro de 2020.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 14 de decembro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 427/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 14/12/2020

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, adoptando os seguintes acordos sobre admisión e inadmisión das ofertas presentadas , todo esto segundo as propostas formuladas para os diferentes lotes pola Mesa de Contratación:

- Para o Lote nº 1 (*Subministración de árbores de Nadal para distribuír entre os establecementos participantes na Campaña de Dinamización Comercial -subcampaña do rasca e gaña, subcampaña do concurso de escaparates ou outras similares-, e enclaves estratéxicos para conseguir unha ambientación navideña das principais zonas comerciais de Cambre*):

- Admitir ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 13 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, así como o modelo de proposición segundo o Anexo III.A, todo elo de conformidade cos acordos adaptados pola Mesa de Contratación con data do 11 de novembro de 2020

- Animación y Eventos, S.L.
- ERP Publicidad, S.L.
- VS1 Producción Creativa, S.L.

- Para o Lote nº 2 (*Subministración dun total de 175 lotes de produtos navideños, 170 valorados en 60,00 euros cada un deles e 5 valorados en 150,00 euros cada un deles, para entregar como premios cos rasca e gaña a nas restantes promocións navideñas*):

De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 29 de outubro e 6 de novembro de 2020, respecto do lote 2 do presente expediente:

- Admitir ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 13 e 14.2.1 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Grupo Disber Siglo XXI, S.L.
- Vego Supermercados, S.A.U.
- VS1 Producción Creativa, S.L.

- Excluir do procedemento de licitación á entidade “Ansama Regalos de Empresa, S.L.”, por non atoparse dito licitador, na data final de presentación de ofertas (20 de outubro de 2020), inscrito en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), sendo obrigatoria esta inscrición aos efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atoparse dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aplicables ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido prego no seu apartado 10 (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), obriga legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presenten propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Xunta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe núm. 20/2018, de 3 de setembro.

- Excluir do procedemento de licitación á entidade “Distribuciones Hosteleras Torrijos, S.L.”, por non ter emendado en prazo o requirimento efectuado por acordo da Mesa de Contratación de data 29 de outubro de 2020, isto ao amparo do establecido no art.139 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e arts. 62.2 e 82 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como de conformidade coa doutrina establecida, entre outros, polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) nas súas Resolucións núm. 1133/2019 de 14 de outubro de 2019, núm. 676/2019 de 20 de xuño de 2019 ou núm. 1328/2019 de 18 de novembro, así como pola Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado no seu Informe dictado en expediente núm. 55/2019, isto tendo en conta que o requirimento de emenda remitiuse á empresa en data 30 de outubro, con publicación simultánea no Perfil de Contratante, e que o prazo para a entrega finalizaba o día 2 de novembro actual ás 23:59 horas, día hábil tanto na sé do órgano de Contratación como da entidade licitadora.

Por conseguinte, ao non ter aportado a empresa no prazo outorgado a documentación de emenda que lle foi solicitada, enténdese que a mesma retira a súa oferta, isto ao amparo do establecido no art. 62.2 e concordantes do Regulamento da Lei de contratos das Administracións Públicas, e art. 139 e Disposición Adicional Decimoquinta, punto primeiro, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- Para o Lote nº 3, (Subministración de elementos gráficos de difusión -carteis, cartas, vinilos, rascas, etc. - e realización dunha campaña publicitaria con anuncios en prensa, radio e redes sociais) :

- Admitir ás empresas que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 13 do PCAP e ter aportado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II, así como o modelo de proposición segundo o Anexo III.C, todo elo de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 11 de novembro de 2020 :

- Animación y Eventos, S.L.
- Atelier Gráfica Visual, S.L.
- ERP Publicidad, S.L.
- Ovejero Sequeiro, S.L.
- Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U.
- VS1 Producción Creativa, S.L.

**Segundo:** Segundo o acordo adoptado pola Mesa de Contratación de data 11 de novembro de 2020 respecto do **lote 2** do presente expediente, e de conformidade co informe emitido polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal de data de 9 de novembro de 2020 que consta transcrito na Acta da Mesa de Contratación:

- Rexeitar a oferta presentada pola entidade "VS1 Producción Creativa, S.L." por incumprimento dos requisitos técnicos establecidos para os produtos no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, ao amparo do establecido no artigo 139 da LSCP, por non axustarse ao establecido no Prego de prescricións técnicas particulares que rexen na presente licitación, ao ofertar nos lotes de produtos a subministrar turróns de Alacante e Xixona de calidade extra e non suprema, que é a calidade que se esixe conforme á cláusula 3.2 do Prego de prescricións técnicas particulares, sendo esta unha diferenza de calidade substancial que afecta a un número significativo de produtos (máis dun 33% no caso dos lotes valorados en 60 euros e máis dun 17% nos lotes valorados en 150 euros). Polo tanto, procede o rexeitamento da oferta, de conformidade co establecido no artigo 139 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en virtude do cal: *"As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen na licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións sen salvedade ou reserva ningunha..."*
- Outorgar ás dúas empresas que permanecen no procedemento de licitación as seguintes puntuacións, correspondentes aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor contemplados na cláusula 12.2 b) (Calidade dos produtos e da presentación dos lotes ofertados):

Empresa	Productos pertencentes a denominacións de orixe con calidade recoñecida e contrastada ofertados	Calidade dos materiais e formatos propostos para a presentación dos lotes, facilidade de transporte e almacenaxe	Puntuación total
Grupo Disber Siglo XXI, S.L.	15	10,00	25,00
Vego Supermercados, S.A.U.	11,25	0,00	11,25

**Terceiro:** Segundo o acordo da Mesa de Contratación de data 25 de novembro de 2020 respecto do **lote 2** do presente expediente, unha vez abertas as ofertas económicas presentadas para este lote, e de conformidade co informe emitido pola secretaria xeral da Corporación Municipal de data de 25 de novembro de 2020, acórdase:

- Rexeitar a proposición presentada pola empresa "Grupo Disber Siglo XXI, S.L." por canto, tal e como figura na mesma, ofreceu executar o contrato por un prezo total sen IVE de 9.809,60 euros, superando en 760,01 euros o fixado polo Concello, límite que non pode ser superado pois é a única maneira de tratar con igualdade as dúas ofertas presentadas cando, como no caso do presente suposto, resulta de aplicación diferente IVE aos produtos a subministrar, todo isto en base aos criterios manifestados, entre outros, polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Administrativos, Resolucións nº 922/2014, de 12 de decembro, e nº 864/2017, de 3 de outubro, e Avogacía do Estado en informe de 26 de marzo de 2009, recursos e informe nos que se invoca a doutrina establecida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no dictame 7/2008, do 29 de setembro.

**Cuarto:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 11 de novembro de 2020, a puntuación correspondente aos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares para os tres lotes que integran o presente procedemento, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas para cada un dos lotes:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

### Lote 1

LOTE 1: árboles de Navidad							
Valor estimado		24.654,72					
Empresa		Precio ofertado	Oferta más económica	Aplicación criterio precio (75 puntos)	Cantidad unidades	Aplicación criterio cantidad de unidades (25 puntos)	Puntuación total
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	B159*** **	24.360,00	19.722,30	60,72	5	12,50	73,22
ERP PUBLICIDAD, S.L.	B366*** **	19.722,30		75,00	10	25,00	100,00
VS1 PRODUCCIÓN CREATIVA SL	B703*** **	24.135,80		61,29	10	25,00	86,29

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, resultan como tales as ofertas inferiores a **20.466,38 euros** sen IVE, polo que se constata que a oferta presentada por "ERP Publicidad S.L." se atopa nesta situación.

### Lote 2

Ao excluíse a oferta presentada por "Grupo Disber, S.L.", mantense a puntuación outorgada pola Mesa de Contratación con data do 11 de novembro de 2020 á única entidade que permanece na licitación, e que non se atopa en presunción de resultar anormalmente baixa, sendo esta a seguinte :

LOTE 2: lotes de productos navideños							
Valor estimado		9.049,59					
Empresa		Prezo ofertado	Oferta más económica	Aplicación criterio precio (75 puntos)	Aplicación criterio calidad productos y presentación (25 puntos)		Puntuación total
VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U	A366*****	9.040,90		75,00	11,25		86,25

### Lote 3

LOTE 3: elementos gráficos de difusión y campaña publicitaria					
Valor estimado		11.936,49 €			
Empresa		Prezo ofertado	Oferta más	Aplicación criterio	Puntuación total





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

			económica	precio (100 puntos)	
ATELIER GRÁFICA VISUAL SL	B701****	9.215,45	8.952,39	97,15	97,15
ANIMACIÓN Y EVENTOS SL	B159****	11.835,90		75,64	75,64
ERP PUBLICIDAD, S.L.	B366****	8.952,39		100,00	100,00
OVEJERO SEQUEIRO, SL	B104****	10.234,83		87,47	87,47
RECLAM PUBLICIDAD, MARKETING Y ARTES GRAFICAS, S.A.U.	A150****	10.493,25		85,32	85,32
VS1 PRODUCCIÓN CREATIVA SL	B703****	11.494,61		77,88	77,88

Respecto ao cálculo de ofertas anormalmente baixas, resultan como tales as ofertas inferiores a **9.075,39 euros** sen IVE, polo que se constata que a oferta presentada por “ERP Publicidad S.L.” se atopa nesta situación.

**Quinto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas 11 e 25 de novembro de 2020, as seguintes puntuacións totais e a conseguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

#### Lote 1

Empresa	Puntuación	Baixa temeraria
ERP Publicidad SL	100,00	Sí
VS1 Producción Creativa SL	86,29	Non
Animación y Eventos SL	73,22	Non

#### Lote 2

Empresa	Puntuación	Baixa temeraria
Vego Supermercados SAU	86,25	Non

#### Lote 3

Empresa	Puntuación	Baixa temeraria
ERP Publicidad SL	100,00	Sí
Atelier Gráfica Visual SL	97,15	Non
Ovejero Sequeiro SL	87,47	Non
Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas	85,32	Non
VS1 Producción Creativa	77,88	Non

SL		
Animación y Eventos SL	75,64	Non

**Sexto:** Segundo o acordo da Mesa de Contratación de data 25 de novembro de 2020 respecto do **lote 2** do presente expediente, e de conformidade co informe emitido pola secretaria xeral da Corporación Municipal de data de 25 de novembro de 2020, acórdase:

- Adxudicar o “Lote 2 – Subministración de lotes de produtos de Nadal” incluído no expediente núm. 2020/C005/000005 correspondente ao contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-21 do Concello de Cambre”, en favor da empresa “Vego Supermercados, S.A.U.”, con NIF A 366\*\*\*\*\* e enderezo en rúa Gambrinus 11 – 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 9.040,90 euros sen IVE, 10.125,45 euros IVE incluído, por ser a única entidade admitida no lote 2 do presente procedemento, tendo en conta os criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse ademais de no prezo ofertado, na calidade dos produtos e da presentación dos lotes ofertados, na cantidade de produtos pertencentes a denominacións de orixe con calidade recoñecida e contrastada ofertados e na calidade dos materiais e formatos propostos para a presentación dos lotes, facilidade de transporte e almacenaxe .

**Sétimo:** Tendo en conta que, con data do 11 de novembro de 2020, a Mesa de Contratación formulou proposta de adxudicación do Lote nº 2 a prol da entidade “Grupo Disber, S.L.”, requiríndoa para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do Prego de cláusulas administrativas particulares, entre a que se atopaba a garantía definitiva (documentación que foi presentada pola entidade con data do 25/11/2020), e tendo en conta que, con data do 25 de novembro de 2020, a Mesa de Contratación deixou sen efecto a proposta de acordo de adxudicación formulada a favor da entidade “Grupo Disber, S.L.”, rexeitando a oferta desta empresa, acórdase que se proceda á devolución de garantía definitiva por importe de 490,48 euros depositada polo Grupo Disber Siglo XXI SL, na Tesourería municipal por medio de transferencia bancaria que foi realizada con data do 19/11/2020 .

**Oitavo:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación o 25 de novembro de 2020 sobre o contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do Concello de Cambre” (exp. 2020/C005/000005) adoptar os seguintes acordos respecto ao lotes 1 e 3:

- Para o Lote nº 1 (Subministración de árbores de Nadal para distribuír entre os establecementos participantes na Campaña de Dinamización Comercial -subcampaña do rasca e gaña, subcampaña do concurso de escaparates ou outras similares-, e enclaves estratéxicos para conseguir unha ambientación navideña das principais zonas comerciais de Cambre):

- Declarar que a empresa “ERP Publicidad, S.L.” non xustificou debidamente a súa oferta presentada para o Lote nº 1 e incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, iso ao amparo do establecido no artigo 149.6) da LCSP e cláusula 16.3.4 do PCAP, dado que, da documentación achegada pola empresa e tendo

en conta o informe emitido polo técnico en promoción económica con data do 23/11/2020 e ratificado con data 25/11/2020 pola Mesa de Contratación, non se explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador no presente contrato de subministración de árbores de Nadal para o desenvolvemento da Campaña de dinamización comercial de Nadal, ao non achegarse documentación complementaria ningunha e resultar incompletas e non suficientemente fundadas as alegacións da empresa, ao basearse en hipóteses xenéricas e non en elementos obxectivos e cuantificables que permitan garantir a correcta execución do contrato.

En consecuencia co anterior, e de conformidade co establecido no art. 149.6 LCSP, rexeitar a oferta presentada pola entidade “ERP Publicidade , S.L.” para o Lote nº 1 (subministración de árbores de Nadal para distribuír entre os establecementos participantes na campaña de Dinamización comercial e enclaves estratéxicos para conseguir unha ambientación do Nadal das principais zonas comerciais de Cambre) dos que integran o expediente nº 2020/C005/000005, e, en consecuencia, e a teor do establecido no art. 149. 6 da citada Lei 9/2017, excluír á esta empresa da clasificación e acordar a adxudicación a favor da seguinte mellor oferta, de acordo con a orde en que sexan clasificadas .

- Adxudicar o lote 1 do contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do Concello de Cambre” (exp. 2020/C005/000005) en favor da entidade “VS1 Producción Creativa, S.L.”, con NIF B703\*\*\*\*\* e enderezo en Polígono de Bergondo, nave G15 – 15165 Bergondo ( A Coruña), no prezo ofertado para 130 unidades (árbores de Nadal) de 24.135,80 euros sen IVE, 29.204,32 euros IVE incluído, por ser a seguinte entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, sen atoparse incurso en presunción de ser anormalmente baixa.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse no prezo ofertado e na cantidade de unidades ofertadas (árbores de Nadal) sobre o número mínimo de unidades a subministrar.

- Para o Lote nº 3, (Subministración de elementos gráficos de difusión -carteis, cartas, vinilos, rascas, etc. - e realización dunha campaña publicitaria con anuncios en prensa, radio e redes sociais) :

- Declarar que a empresa “ERP Publicidad, S.L.” si xustificou debidamente a súa oferta presentada para o Lote nº 3 e incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, iso ao amparo do establecido no artigo 149.6) da LCSP e cláusula 16.3.4 do PCAP, dado que, da documentación achegada pola empresa e tendo en conta o informe emitido polo técnico en promoción económica con data do 23/11/2020, as alegacións efectuadas pola empresa permiten explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador no presente lote de subministración de elementos gráficos de difusión e realización de servizos publicitarios, baseándose en certos aspectos concretos relacionados directamente co obxecto da contratación: ser unha central de compra de medios en liña e off line, dispor de persoal suficiente en persoal con perfís acordes ás necesidades da contratación, contar cunha metodoloxía de traballo propia e recursos materiais directamente relacionados de forma inequívoca coa natureza do contrato e a subcontratación de tarefas de imprenta, motivos todos eles polos cales se considera a oferta da empresa debidamente xustificada.

- Adxudicar o lote 3 do contrato mixto de subministracións e servizos para o “Desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2020-2021 do Concello de Cambre” (exp. 2020/C005/000005) en favor

da entidade “ERP Publicidad, S.L.”, con NIF B366\*\*\*\*\* e enderezo na rúa García Barbón 90, 2º I – 36201 Vigo (Pontevedra), no prezo total ofertado de 8.952,39 euros sen IVE, 10.832,39 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e ter xustificado suficientemente a súa oferta, inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe emitido polo técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal con data 23 de novembro de 2020.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse no prezo ofertado.

**Noveno:** Proceder á formalización dos contratos correspondentes aos tres lotes en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Para a formalización dos contratos requírese que os licitadores presenten os documentos acreditativos de ter subscritos os seguros esixidos na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares

De conformidade co establecido na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula

**Décimo:** De conformidade coa cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable dos contratos ao técnico en promoción económica da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Con carácter previo ao inicio da execución dos contratos de cada un dos lotes integrantes do presente expediente, o responsable do contrato deberá comprobar que o contratista acreditou que dispón dos medios persoais adscritos ao mesmo, e polo tanto, figuran no expediente de contratación os contratos formalizados e demais documentos relacionados nos puntos 2 e 3 da cláusula 17.1.11.

Igualmente, e respecto dos medios materiais, deberá comprobar que o contratista aportou, e constan no expediente de contratación, os documentos contemplados na cláusula 17.1.11. O responsable do contrato deberá deixar constancia no expediente mediante a emisión do correspondente informe ao efecto.

A falta de presentación dalgún/s dos documentos esixidos na cláusula 17.1.11 dará lugar á resolución do contrato e incautación da garantía definitiva.

**Décimo primeiro:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo

151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo segundo:** Notifíquese ao responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D.- Prórroga ao curso 2020/2021, do contrato administrativo suscrito para a prestación da “Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021”, a prol do licitador Paz Dismac, S.L. Expediente: 2019/C005/0000010**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C005/0000010, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do art. 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 19 de febreiro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica a “*Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021*” á empresa “Paz Dismac, S.L”, constando no expediente a aceptación da execución do contrato con data 24 de febreiro de 2020.

Visto que, consonte á cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 6 do Anexo I, o prazo de execución do contrato é durante o curso académico 2019-2020, podendo prorrogarse ao curso académico 2020-2021, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se executou correctamente o contrato durante o curso 19/20 e, en todo caso, suxeita á condición suspensiva da efectiva aprobación da subvención solicitada á Xunta de Galicia.

Visto o informe emitido con data 3 de decembro de 2020 pola axente de desenvolvemento local e responsable do contrato, dona Sonia Machín Herranz, no que consta que o contrato realizouse a

satisfacción, cumprindo co contido do contrato, polo que se propón que este contrato sexa prorrogado para o seguinte curso académico, para o desenvolvemento do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS-PROWEB II" 2020- 2021, coas mesmas características en canto aos subministros a realizar e os prezos adjudicados no exercicio 2019-2020.

Visto que en dito informe consta que o 6 de novembro de 2020 recibíuse no Concello de Cambre resolución de data 05/11/2020, do xefe territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade (anteriormente denominada Consellería de Economía, Emprego e Industria), pola que se concede ao Concello de Cambre unha subvención para executar o obradoiro de emprego "PROXEDIS -PROWEB II", e financiar os gastos de formación e funcionamento, polo que se precisa adquirir todo o material de oficina e papelería que sexa necesario para o óptimo desenvolvemento da formación do alumnado-traballador das especialidades que conforman o citado obradoiro de emprego ("atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" e "confección e publicación de páxinas web"), que se iniciará en breve, así como o necesario para a xestión do proxecto, e tendo en conta que a data prevista que marca a resolución para o inicio do proxecto é o día 15 de decembro de 2020.

Visto o informe emitido con data do 14 de decembro de 2020 pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, e que contén a proposta de acordo a adoptar, e mailo informe favorable emitido polo interventor da Corporación con mesma data do 14 de decembro actual,

Ao abeiro do establecido na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

**Primeiro:** Prorrogar ao curso académico 2020/2021, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa empresa "Paz Dismac, S.L.", con NIF \*\*\*\*\*2180 e domicilio en rúa Ramón González nº 3 – 36400 O Porriño (Pontevedra), para a prestación da *"Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2019-2020 e do taller de emprego PROXEDIS-PROWEB durante o curso académico 2019-2020, con posibilidade de prórroga ao curso académico 2020-2021"* (Expediente 2019/C005/000010), esto tendo en conta o outorgamento ao Concello de Cambre dunha subvención para o obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB II".

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo á entidade adjudicataria, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar á axente de desenvolvemento local e responsable do contrato, dona Sonia Machín Herranz, ao departamento de Intervención e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia